

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2009/04
CARACTER: EXTRAORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 27 DE ABRIL DE 2009

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **27 de abril de 2009** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suarez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa

Dona Mari Luz Alvarez Lastra

D.Horacio Cupeiro Rodriguez

Polo Grupo do P.P.

D.José Carlos Rodríguez Andina

D. José Duarte Díaz

Dona Begoña Sanjurjo Santar

D. Jesús López Penabad

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Balbino Pérez Vacas

D. Ramón López Pérez

Dona Maria José Rodriguez Arca.

Polo Grupo de U.P.R.I.

D. Francisco Rivas Álvarez

Agustín Reymondez Gancedo.

Secretario :

D. Manuel Díaz Sánchez.

Interventora:

Dª Olalla Alvarez de Neyra
Martínez.

Presidente:

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ó estudio dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, previa citación e por riguroso orde.

2009/01/20.-APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESION ANTERIOR ORDINARIA DE DATA 16 DE MARZO DE 2009.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondente á sesión epigrafiada, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2009/02/21.-1.EXPEDIENTE RELATIVO A INVESTIGACIÓN DE FONTE PUBLICA EN PORTO DE ARRIBA, VILAUSENDE.-

Dase conta do dictame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Obra no expediente, conxuntamente con informe xurídico e técnico , a proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“PROPOSTA DA ALCALDIA DE ACORDO DO PLENO DE INICIACIÓN DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DA TITULARIDADE DO BEN FONTE PUBLICA DE VILAUSENDE

Considerando que por Providencia de Alcaldía, de data 13 de abril de 2009, se instruíu expediente previo relativo á investigación de bens,de oficio *por denuncia de D.Jesús Cotarelo Quintana* en relación á fonte pública epigrafiada

Considerando os artigos 45 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais,visto o informe do servicio técnico e o informe de Secretaría, por esta Alcaldía, o Pleno desta Corporación, formulase a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Incoar expediente de investigación da titularidade do *ben* Fonte de Vilaosende-Porto de Arriba, que que presuntamente pertencen á Corporación Local como den de uso ou servicio público, ben de dominio público.

SEGUNDO. Publicar o Acordo no *Boletín Oficial da Provincia*, no *Boletín do Municipio* e no taboleiro de anuncios do Concello polo prazo de quince días. O prazo de alegacións será dun mes, contado dende o día seguinte ao que deba darse por rematada a publicación de anuncios no taboleiro de anuncios do Concello.

TERCEIRO. Abrir o período de proba para que se presenten os elementos probatorios que se consideren oportunos, unha vez que remate o período de alegacións; notificándose aos afectados para que poidan presentar as probas que crean convenientes.

CUARTO. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos trámites ou xestións sexan procedentes para o bó fin dos acordos adoptados.”

Iníciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr.Alcalde-Presidente que explica os antecedentes da cuestión manifestando que a fonte ía ser limpada e restaurada polo Taller de Emprego que ía descubri-la e recibala e por parte dun veciño se manifestou que lle foi incluída na súa propiedade pola Concentración Parcelaria e parouse a obra por precaución; que posteriormente viñeron a velo varios veciños e á Asociación de veciños manifestando a preocupación pola cuestión xa que consideraban que tiña carácter público.

Prosegue o Sr.Alcalde manifestando que hai un escrito do veciño argumentando que é titular da fonte e que estivo o Alcalde no uso da palabra na fonte cos técnicos municipais e co Secretario da Corporación e que a priori

parece que todo é público polo que propón que se efectúe a investigación contida na súa proposta.

Por parte do Secretario da Corporación se procede a explicar aos Sres.Concelleiros presentes os elementos que existen no expediente e a tramitación que debe efectuarse.

Intervén tamén o Sr.Vázquez Cupeiro que no día de hoxe estivo tanto en Catastro en Lugo como en Aguas de Galicia interesándose por este asunto e pola titularidade da fonte que asimesmo informa neste senso á Comisión Informativa.

Deliberase entre os Sres.Concelleiros sobre a cuestión intercambiándose diversas opinións.

Por parte do Sr.Concelleiro de UPRI D.Agustin Reymondez Gancedo se manifesta que o seu grupo se reserva para o Pleno e os restantes Grupos Corporativos manifestan o seu criterio favorable á proposta da Alcaldía, de conformidade cos antecedentes existentes, e de seguido por seis votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG, PP e PSOE) e coa abstención do Sr.Reymondez Gancedo de UPRI, ditamínase favorablemente para que se adopten polo Pleno municipal os acordos seguintes:

PRIMEIRO. Incoar expediente de investigación da titularidade do *ben* Fonte de Vilaosende-Porto de Arriba, que que presuntamente pertencen á Corporación Local como den de uso ou servicio público, ben de dominio público.

SEGUNDO. Publicar o Acordo no *Boletín Oficial da Provincia*, e no taboleiro de anuncios do Concello polo prazo de quince días. O prazo de alegacións será dun mes, contado dende o día seguinte ao que deba darse por rematada a publicación de anuncios no taboleiro de anuncios do Concello.

TERCEIRO. Abrir o período de proba para que se presenten os elementos probatorios que se consideren oportunos, unha vez que remate o

período de alegacións; notificándose aos afectados para que poidan presentar as probas que crean convenientes.

CUARTO. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos trámites ou xestións sexan procedentes para o bó fin dos acordos adoptados.”

Por parte do Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI se manifesta que o seu Grupo reservouse na Comisión pero que unha vez examinada a documentación non teñen inconveniente en votar a favor considerando que parece ser que é unha fonte pública de antes da Concentración Parcelaria e que lles parece ben que se efectúe a investigación., e se é publica se manteña para o uso e disfrute de todos veciños.

O Sr.Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista sinala que xa se manifestaron a favor na Comisión Informativa e que están de acordo con que se leve a cabo o procedemento de investigación e apoian

O Sr. Rodriguez Andina, do Grupo Municipal Popular manifesta que co que se lles deu conta na Comisión Informativa non lles fixo falta investigar nada para ver que sexa público , e se vai investigar e que é algo que parece de caixón.

O Sr.Alcalde pola súa parte manifesta que agradece a unanimidade e que pode servir para ter en conta que mais adiante, hai que facer un inventario, cuestión pendente dende fai anos, de forma que os viarios públicos, fontes e outros elementos aparezan debidamente acreditados para evitar estas cuestións.

Sen mais deliberación, polo Pleno municipal, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

PRIMEIRO. Incoar expediente de investigación da titularidade do *ben* Fonte de Vilaosende-Porto de Arriba, que que presuntamente pertencen á Corporación Local como den de uso ou servicio público, ben de dominio público.

SEGUNDO. Publicar o Acordo no *Boletín Oficial da Provincia*, e no taboleiro de anuncios do Concello polo prazo de quince días. O prazo de alegacións será dun mes, contado dende o día seguinte ao que deba darse por rematada a publicación de anuncios no taboleiro de anuncios do Concello.

TERCEIRO. Abrir o período de proba para que se presenten os elementos probatorios que se consideren oportunos, unha vez que remate o período de alegacións; notificándose aos afectados para que poidan presentar as probas que crean convenientes.

CUARTO. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos trámites ou xestións sexan procedentes para o bó fin dos acordos adoptados.

2009/03/22.- INICIACIÓN DE EXPEDIENTE DE DESAFECTACION E PERMUTA EN A PONTE, ARANTE.

Obra no expediente, conxuntamente con informe xurídico e técnico , a proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“PROPOSTA DA ALCALDIA DE ACORDO RELATIVO A DESAFECTACIÓN E PERMUTA EN ARANTE.-

Pola Alcaldía-Presidencia á vista da solicitude formulada por parte de don José González Dopico e outros veciños de Arante, en relación a problemática existente coa estreitez do actual acceso ao Campo da festa e a posibilidade de permuta do vello trazado por un novo a realizar na parcela de titularidade de don Alvaro Río Ginzo.

Visto que se ten emitido informe pola Secretaría da Corporación sobre o procedemento correspondente e aos efectos de axilizar a tramitación do expediente á vista da complexidade do mesmo reflectada no informe de Secretaría de 27 de febreiro de 2009 e visto o informe do Servizo Técnico municipal sobre o asunto, e sen prexuízo de que se efectúe a tramitación correspondente á depuración física e xurídica do camiño correspondente,

PROPOÑO ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes, previo o ditame correspondente da Comisión Informativa:

PRIMEIRO.- Que polo Pleno Municipal, previo-los informes da Secretaría da Corporación e dos Servicios técnicos (que deberán elaborar a planimetría correspondiente), que se proceda a iniciar-la tramitación dos correspondentes expedientes de alteración da calificación xurídica [desafectación] do ben inmueble camiño de acceso ao campo da festa en A Ponte (Arante) na lonxitude que figura nos informes técnicos, aos efectos dunha permuta co propietario colindante D.Alvaro Río Ginzo, convertíndose o ben inmovible de dominio público nun ben inmovible de carácter patrimonial, tras da referida tramitación para proceder á permuta co referido veciño, do xeito legalmente procedente

SEGUNDO.- Simultaneamente que se inicie, se ben condicionado ó resultado da desafectación precedente un expediente de permuta coa superficie ofrecida por D. Alvaro Río Ginzo, a que se ten feito referencia. Formalizada dita permuta deberá procederse a afectación desa finca permutada que pasa a propiedade municipal ao dominio público como novo trazado do camiño.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.”

Intervén o Sr.Alcalde que explica aos Sres.Concelleiros que esta cuestión que se suscita foi unha idea da Asociación de veciños de A Ponte de Arante, a tenor dos problemas que se lles plantexa para o acceso de camiños das orquestras ao Campo da Festa e piden que o Concello, dando por sentado que o camiño é público o desafecte para intercambialo co terreo dun propietario recente e facer polo tanto un camiño máis cómodo.

Sinala asimesmo o Sr.Alcalde que aínda que inicialmente parece fácil a cuestión aparece chea de problemas xa que o Campo da feira é de propiedade particular e foron os veciños arranxando entre eles e a Asociación pero non se atopa registrado nin catastrado como público e tampouco aparece en Catastro o camiño, e nembargantes na escritura do propietario aparece a colindancia co camiño, e polo tanto ha que ter en conta estes elementos para a tramitación.

Deliberase por parte de varios Concelleiros intervindo o Sr.Lopez Pérez, do PSOE, que pregunta polo custo da actuación do novo camiño contestándose pola Alcaldía en que confía que se poida facer a través das

axudas a comunidades veciñais da Deputación Provincial e que pola súa parte non fala de que o faga o Concello, senon que pode colaborar.

O Sr.López Pérez asimesmo fai referencia a que no informe do técnico municipal xa se alude ao elevado importe da execución do novo acceso e pregunta que se se trata dunha servidume en vez dun camiño, como se vai poder permutar, e se hai algún compromiso cos veciños sobre a execución da obra.

Prosegue a deliberación intervindo varios Concelleiros sobre este asunto.

De seguido, por parte dos Sres.Concelleiros dos Grupos do PSOE e UPRI se manifesta que se reservan para o Pleno.

Sometido a votación o asunto obtén catro votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG e do PP) e tres abstencións (dos membros dos Grupos Municipais do PSOE e UPRI) ditaminándose favorablemente a proposta de acordo para o Pleno Municipal que se transcribe de seguido:

PRIMEIRO.- Que polo Pleno Municipal, previo-los informes da Secretaría da Corporación e dos Servicios técnicos (que deberán elaborar a planimetría correspondiente), que se proceda a inicia-la tramitación dos correspondentes expedientes de alteración da calificación xurídica [desafectación] do ben inmueble camiño de acceso ao campo da festa en A Ponte (Arante) na lonxitude que figura nos informes técnicos, aos efectos dunha permuta co propietario colindante D.Alvaro Río Ginzo, convertíndose o ben inmovible de dominio público nun ben inmovible de carácter patrimonial, tras da referida tramitación para proceder á permuta co referido veciño, do xeito legalmente procedente

SEGUNDO.- Simultaneamente que se inicie, se ben condicionado ó resultado da desafectación precedente un expediente de permuta coa superficie ofrecida por D. Alvaro Río Ginzo, a que se ten feito referencia. Formalizada dita permuta deberá procederse a afectación desa finca permutada que pasa a propiedade municipal ao dominio público como novo trazado do camiño.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.”

Iniciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez de UPRI que sinala que igual que no punto anterior fixeron a súa propia investigación porque non se fían da Alcaldía aínda que outros ao mellor se fíen pero que van votar a favor da proposta.

O Sr.Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, pola súa parte manifesta que o PSOE está a favor da proposta.

O Sr.Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular manifesta que xa anunciaron que ían votar a favor na Comisión Informativa e ademais de fiarse do Alcalde, para estas cousas, que para todo tampouco se fían e que tamén se fían do Técnico xurídico que para algo está retribuído no Concello.

O Sr.Alcalde pola súa parte dí que era o argumento que ía utilizar tamén.

Por parte do Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista se sinala que hai veces en que non lles vale o que dí o técnico xurídico referido (en referencia ao Sr.Alcalde e Sr.Rodríguez Andina), respostándose por parte do Sr.Alcalde que dí que efectivamente, que noutras ocasións vale perfectamente e se acepta o dito, e que lle produce alegría ver a unanimidade neste punto da sesión aínda que se comezan a escarbar xurden as discrepancias.

De seguido polo Pleno municipal, en votación ordinaria, por unanimidade, acórdase:

PRIMEIRO.- Que polo Pleno Municipal, previo-los informes da Secretaría da Corporación e dos Servicios técnicos (que deberán elaborar a planimetría correspondiente), que se proceda a iniciar-la tramitación dos correspondentes expedientes de alteración da calificación xurídica [desafectación] do ben inmueble camiño de acceso ao campo da festa en A Ponte (Arante) na lonxitude que figura nos informes técnicos, aos efectos dunha permuta co propietario colindante D.Alvaro Río Ginzo, convertíndose o ben inmovible de dominio público nun ben inmovible de carácter patrimonial, tras da referida tramitación para proceder á permuta co referido veciño, do xeito legalmente procedente

SEGUNDO.-Simultáneamente que se inicie, se ben condicionado ó resultado da desafectación precedente un expediente de permuta coa superficie ofrecida por D. Alvaro Río Ginzo, a que se ten feito referencia. Formalizada dita permuta deberá procederse a afectación desa finca permutada que pasa a propiedade municipal ao dominio público como novo trazado do camiño.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

2009/04/23.-ADHESION DO CONCELLO DE RIBADEO AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DE GALICIA E AS ENTIDADES XESTORAS DOS SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTION DE RESIDUOS DE APARELLOS ELECTRICOS E ELECTRONICOS (RAEE´s).

Obra no expediente a mais do texto do convenio epigrafiado o dictame da Comisión Informativa de Mº Rural, Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de data 24 de abril de 2009, figurando o ditame que se transcribe de seguido:

“Dase conta do escrito da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación ambiental da Xunta de Galicia relativo ao Convenio Marco de colaboración asinado entre a Cconsellería de Medio Ambiente e as Entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos e da posibilidade de adhesión do Concello de Ribadeo, de conformidade co disposto no R.Decreto 208/2005, de 25 de febreiro sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos, sinalándose no mesmo que o acordo expreso de adhesión por parte do Pleno do Concello inclúe a asunción dos compromisos mínimos contidos no referido pacto (compromisos dos Entes locais).

Iniciase deliberación sobre o particular explicándose polo Sr. Concelleiro de Medio Ambiente don Horacio Cupeiro Rodríguez que vai significar unha pequena transformación no Punto limpo ao mesmo tempo que existirá unha compensación económica ao Concello, sinalándose polo Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que se compensará unha cuestión con outra.

Por parte do Sr.López Pérez, do Grupo Municipal Socialista se pregunta ao Sr.Concelleiro que explica mais polo miúdo o contido do convenio de adhesión proposto, deliberándose sobre o particular.

Tamén polo Sr.Concelleiro de Medio Ambiente se explica a relación existente con REROMAS así como se explica que os xestores terán que vir a busca-los residuos ao punto limpio.

De seguido, por la Comisión Informativa, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase ditaminar favorablemente para a adopción polo Pleno municipal dos acordos seguintes:

1º. A adhesión do Concello de Ribadeo ao Convenio Marco de Colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible de Galicia e as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE ´s), de conformidade co previsto no R.Decreto 208/2005, de 25 de febreiro e normativa concordante, asumindo os compromisos mínimos contidos no referido Convenio marco.

2º.Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.”

Aberta deliberación, por parte do Sr:Rivas Alvarez de UPRI se manifesta que xa anunciaron o voto favorable na Comisión Informativa e que é un dos múltiples convenios que saca de vez en cando a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e que se está a seguir o iniciado dende o principio co Plan de residuos de Galicia, o que quere dicir que non era tan malo e que segue desenvolvéndose e cada vez se vai profundizando mais, e que é moi difícil estar no goberno e na oposición, e ás veces hai que facer coincidir as dúas cousas.

O Sr.Perez Vacas pola súa parte manifesta que vai ter a proposta, o voto favorable do Grupo Municipal Socialista e en idéntico sentido se pronuncia o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular e o Sr.Alcalde como proponente en nome do BNG.

De seguido polo Pleno municipal por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º. A adhesión do Concello de Ribadeo ao Convenio Marco de Colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible de Galicia e as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE ´s), de conformidade co previsto no R.Decreto 208/2005, de 25 de febreiro e normativa concordante, asumindo os compromisos mínimos contidos no referido Convenio marco.

2º.Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

2009/05/24.- EXPEDIENTE PARA A CONCESION DE MEDALLA DE OURO DE RIBADEO A TITULO POSTUMO A LEOPOLDO CALVO SOTELO Y BUSTELO.

Dase conta da proposta de acordo da Xunta de Portavoces de 21 de abril de 2009 que se transcribe de seguido:

“Unha vez aberta a sesión da Xunta de Portavoces pola Alcaldía-Presidencia , por parte do Sr.Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI se pide á Alcaldía, pedindo conste en acta, que se respecte a orde constitucional das bandeiras, toda vez que a bandeira da Comunidade Autónoma no salón de sesións , se atopa situada entre a bandeira española e a europea , e polo tanto, incumprindo a normativa vixente.

Por Secretaría se fai constar, a tenor dos comentarios que se efectúan , que é normativa básica estatal e que a ignorancia da norma non excusa do seu cumprimento.

Obra no expediente proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

Pola Alcaldía-Presidencia en relación ó expediente incoado para a concesión da medalla de Ouro do Concello a título póstumo a don Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo, que foi xa tratado na sesión plenaria de 17 de novembro de 2008.

-

Visto que existe un informe de instrucción da Sra.Concelleira Delegada que ven acompañado de documentación dabondo xustificativa dos méritos que concorren na persoa de D.Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo, fillo adoptivo e Alcalde honorario de Ribadeo.

Visto que o Concello aprobou con data 9 de maio de 2005 o Regulamento Especial de Honras e Distincións do Excmo. Concello de Ribadeo que foi publicado integramente no BOP de Lugo nº 169 de 26 de xullo de 2005 constituíndo unha norma de carácter regulamentario vixente e que se teñen cumprido-los requisitos básicos do procedemento e que agora compre que se adopte un acordo Plenario en sesión extraordinaria con carácter discrecional que resolverá sobre a procedencia ou non da concesión, motivado nos méritos, cualidades e circunstancias singulares da persoa que se propón distinguir, neste caso a título póstumo, debendo ser adoptado o acordo co voto favorable da maioría absoluta legal dos membros da Corporación, e debendo procederse despois á entrega da distinción en acto público solemne en pleno extraordinario convocado ó efecto e nos termos en que se sinale no acordo plenario anterior procurándose outorgar publicidade dabondo ao mesmo.

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL, que en sesión extraordinaria convocada ao efecto acorde:

1º. A Concesión da Medalla de Ouro de Ribadeo a título póstumo a D.Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo.

2º. A entrega en acto público solemne, reunida a Corporación en Pleno extraordinario ao efecto, coa debida publicidade.”

Polo Sr.Alcalde se procede seguidamente a explicar aos Sres.Concelleiros os actos previstos para a homenaxe dos días 2 e 3 de maio de 2009 e sobre as restantes circunstancias que rodean as actuacións que se está a efectuar sobre o particular, deliberándose entre os mesmos.

De seguido, os Grupos políticos da Corporación, tras deliberación na Xunta de Portavoces, como representantes do sentir de todos os ribadenses, cando vai cumprirse o cabodano do pasamento de D.Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo, e considerando, que neste persoaxe conflúen especialísimas circunstancias, as da contemporaneidade da súa traxectoria persoal vencellada aos cargos políticos de primeira orde da transición democrática e as da consolidación do estado constitucional coa especial adicación, vencello e apoio ao progreso de Ribadeo e das súas xentes.

Valorando que durante toda a súa vida mantivo unha íntima relación con esta Vila e aínda tendo en conta que como no célebre discurso grego: *"Porque dos homes ilustres tumba é a terra toda, e non só a sinala unha inscrición sepulcral na súa cidade, senón que mesmo nos países estraños pervive o recordo que, aínda non escrito, está gravado na alma de cada un máis que en algo material"*, realmente Ribadeo foi o lugar do seu destino definitivo, xa que D.Leopoldo Calvo Sotelo aínda que naceu e morreu en Madrid e nesa cidade desempeñou os seus cargos públicos e privados para os veciños e amigos de Ribadeo, era considerado un ribadense máis, que residía en Madrid e que sempre, cando podía, volvía á gozar dos veráns e do tempo de lecer e a pesares de que non era o seu lugar de nacemento, fixoo seu, elexindo tamen para a súa morada definitiva.

O anterior Presidente da Xunta de Galicia definiuno como galego de "sentimento e vocación", e sendo iso certo, era un galego de Ribadeo ou un ribadense universal, pero tamén Alcalde honorario, Fillo adoptivo e polo tanto do mesmo xeito que outros ribadenses, un membro deste Consistorio, exercente.

Home de reconciliación, diálogo e pacto, como tamén o definiu o Bispo da nosa diocese.

Non é casual, polo tanto que o 25 de xuño de 2002 o Rei Juan Carlos I lle concedese o título de Marqués de da Ría de Ribadeo con grandeza de España.

Cultura, amenidade, sutileza e ironía, como escritor e como persoa, e honestidade e eficacia como político. Home que por iso non ten subscitado inimidades coñecidas senón un coro de loubanza e consideración non só dos seus compañeiros de vida política senón dos antigos adversarios e a gratitude final da Coroa, en nome de todos, como símbolo da unidade e permanencia do Estado como sinala a Constitución.

Non se trata de reproducir aquí o seu *cursus honorum* que xa foi establecido por la Sra, Concelleira Delegada na instrución do expediente, que tivo que limitarse a unhas dimensións administrativamente razoables e que non pode abordar a dimensión humana entrañable que representa para os ribadenses e o valor que o seu legado de adicación á vida pública e de agarimo a Ribadeo representa para o coñecemento e instrución de futuras xeracións de ribadenses.

Non bastaba con que dende o 5 de maio de 2008, mirando á Ría dos seus amores se convertise xa nun residente definitivo; era vontade deste Concello que houbo un elemento de permanencia mais alá dunha rúa co seu nome, da que dispoñía, engadindo tamén a presenza dun elemento que sintetizase dalgún xeito a súa personalidade.

Non só os ribadenses saben que sentiu D. Leopoldo a vocación política dende a súa xuventude e nela seguiu con vigor e con experiencia maxistral en momentos moi difíciles orientando definitivamente a nave do Estado nun horizonte democrático e de integración europea, pero os ribadenses si saben que nos seus cargos prestou un apoio permanente a Ribadeo e as súas xentes, con Alcaldes de todos os signos políticos.

É sabido que moitas veces na concesión de honras públicas, sempre pode haber discrepantes, o que é normal dentro do marco dunha sociedade democrática e pluralista, pero non é casual que en torno á súa persoa e ademais respecto a esta homenaxe exista un criterio unánime de todos os grupos da Corporación do mesmo xeito que se manifestou tamén o criterio Corporativo décadas atrás cando foi nomeado Alcalde honorario e fillo adoptivo.

Péchase deste xeito, unha traxectoria de honra co recoñecemento público desta Corporación e coa permanencia no recordo que vai representar o altorelevo no porto de Ribadeo.

Pola Xunta de Portavoces, á vista da proposta da Alcaldía e considerando a instrución efectuada e as especialísimas características e méritos concorrentes en D. Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo pola súa adicación e compromiso con Ribadeo e as súas xentes durante toda a súa vida e como un xeito de mostrar o agradecemento público por iso,

PROPON ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

1º. A Concesión da Medalla de Ouro de Ribadeo a título póstumo a D.Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo, en sesión extraordinaria convocada ao efecto.

2º. A entrega en acto público solemne, reunida a Corporación en Pleno extraordinario ao efecto, coa debida publicidade, que se celebrará o día 2 de maio de 2009.”

Sen promoverse deliberación, por unanimidade en votación ordinaria , acordase:

1º. A Concesión da Medalla de Ouro de Ribadeo a título póstumo a D.Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo, en sesión extraordinaria convocada ao efecto.

2º. A entrega en acto público solemne, reunida a Corporación en Pleno extraordinario ao efecto, coa debida publicidade, que se celebrará o día 2 de maio de 2009.

Antes de levantarse a sesión polo Sr.Alcalde se manifesta que convoca verbalmente aos Sres.Concelleiros para o Pleno de entrega da Medalla de Ouro o sábado ás 5 da tarde, sen prexuízo da convocatoria formal que se efectuará.

E sen mais asuntos que tratar sendo as vinte horas e vintecinco minutos levántase a sesión, estendéndose a presente acta, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,